



GUÍA PRÁCTICA CARA A BUSCA ACTIVA DE EMPREGO

ÍNDICE

1. Elementos previos á busca de emprego.
2. Carta de presentación.
3. Currículum vitae.
4. Entrevistas de traballo.
5. Emprego a través de internet
6. Mercado de traballo.
7. Incentivos e medios dispoñibles para o fomento da contratación.
8. Certificados de profesionalidade. Competencias clave, formación regrada.
9. Accións de formación para o emprego.
10. O autoemprego

Buscar emprego é unha carreira de fondo na que o triunfo non só está reservado a aquelas persoas que mellor preparadas están, senón ás que ademais, saben venderse.

A presente guía pretende dotar a os destinatarios e destinatarias das habilidades, destrezas, técnicas e instrumentos necesarios para poder desenrolar un proceso de busca de emprego adaptado as súas necesidades.

En resumo, a procura de emprego é unha verdadeira loita na que, ademais de preparación, é necesario saber venderse e por iso é necesario que unha domine certos aspectos básicos como os que inclúen neste programa.

O obxectivo é axudarlles aos/ás destinatarios/as a que se enfronten ao mundo laboral e que teñan a información necesaria para manexarse e introducirse nel, orientar sobre as posibilidades e ofertas así como as saídas do mercado de traballo.



ELEMENTOS PREVIOS À BUSCA DE EMPREGO

AUTOCOÑECEMENTO E AUTODIAGNÓSTICO. AUTOESTIMA

CUESTIÓNS PREVIAS

Na búsqueda de emprego interveñen múltiples factores.

O noso obxectivo é darche os mellores consellos para que teñas éxito na búsqueda de emprego, que é o obxectivo que te plantexas. Debes pensar que buscar emprego é un traballo en sí mesmo.

Canto mellor te coñezas e canto máis positivo sexa o concepto que tes de ti mesmo/a, mellor será a imaxe que proxectes a os e as demais, e por iso, aquí faremos unha análise de nos mesmos/as para ter moi claro que é o que podemos ofrecer e cal é exactamente o noso obxectivo laboral.

COÑÉCETE A TI MESMO/A
BUSCA OS TEUS PUNTOS FORTES
DETECTA QUE É O QUE DEBES MELLORAR
¡QUÉRETE!
¡E COMEZA A TRABALLAR NA BÚSQUEDA DE EMPREGO!

BÚSQUEDA DE EMPREGO

FACTORES QUE NON PODEMOS CONTROLAR

AS OFERTAS DE TRABALLO SON LIMITADAS
A SITUACIÓN DO MERCADO LABORAL
A SORTE

FACTORES QUE SI PODEMOS CONTROLAR

A NOSA FORMACIÓN PROFESIONAL
AS HABILIDADES E DESTREZAS QUE POSEO
AS CUALIDADES PERSOAIS
AS APTITUDES
AS GAÑAS DE TRABALLAR

**NA MIÑA BÚSQUEDA DE EMPREGO
DEBEREI TER PACIENCIA
NON DESANIMARME...
NON DEIXAR DE BUSCAR...
SE UNHA PORTE SE PECHA DEBO CHAMAR A OUTRA**

CONSELLOS PRÁCTICOS NA BÚSQUEDA DE EMPREGO

- ✓ Conseguir o traballo o traballo ideal é o proxecto empresarial máis importante que podes acadar
- ✓ Tes que ser activo/a, as solucións pasivas non conducen a nada.
- ✓ Non te desanimas busca forzas e continúa
- ✓ Coñécete a ti mesmo/a o mellor que poidas, si sabes o que ti es saberás o que podes dar.
- ✓ Prevé os obstáculos que poidan aparecer na búsqueda e pensa como enfrontarte a eles.
- ✓ Xestiona unha boa rede de contactos persoais
- ✓ Se innovador/a
- ✓ Os anuncios de ofertas de emprego non son a única alternativa para atopar emprego.

“AS PERSOAS QUE OBTENEN TRABALLO NON SEMPRE SON AS MÁIS CUALIFICADAS, SENÓN AS QUE MELLOR SE APLICARON EN BUSCALO”



CONCELLO DE ZAS



A CARTA DE PRESENTACIÓN



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO

A carta de presentación (tamén chamada *de autocandidatura e/ou candidatura espontánea*) é o principal instrumento de promoción xa que dá un toque persoal ao *currículum vitae* (CV) e o noso obxectivo é, en todo caso, que se interesen por nós. A citada carta pode redactarse como resposta a unha oferta de emprego (mercado aberto) ou para ofrecer os nosos servizos por iniciativa propia (autocandidatura e/o mercado oculto)

Dado que pretendemos chamar a atención para conseguir esa primeira entrevista debemos ter moi presente que este instrumento cumpre unha dobre función: por un lado, suscitar o interese de quen o recibe, para que o lea con toda a atención que merece e, por outro lado, poñer de relevo os datos específicos do noso CV que nos fan idóneos/as para ese posto e nos diferencian das demais persoas.

A carta de presentación débese amosar sobre papel branco liso e poderá ser manuscrita ou escrita a máquina ou ordenador, pero concordará co modo de presentar o CV (así, sería incorrecto axuntar a un CV escrito a ordenador unha carta de presentación manuscrita ou cun tipo de letra diferente ao do CV) e, en todo, caso manter unha boa presentación con amplas marxes, dobre espazo, boa letra... Ademais, debe ir sempre asinada de puño e letra do candidato que a presenta.

Chegado o momento de redactala debemos non só ter moi claro o que queremos por, senón tamén como estruturalo en parágrafos. A groso modo. Poderíamos dicir que existen catro parágrafos claves arredor dos que se estrutura a información, que serían:

PARÁGRAFO 1º: Serve para introducir o obxecto da túa carta, o motivo.

PARÁGRAFO 2º: Indica, por medio dun estilo agradable, directo e dinámico o teu interese e capacidade para desempeñar o posto. Para iso debes facer referencia á túa formación, experiencia e habilidades e capacidades. Emprega os termos propios do sector profesional ao que te dirixes e, no caso de que estes contestando a un anuncio, os aparecidos neste.

PARÁGRAFO 3º: Expressa o teu desexo e dispoñibilidade para participar nunha futura entrevista.

PARÁGRAFO 4º: Despídete de forma cordial, deixando entrever que esperas unha resposta.

Lembra que:

- Diríxete ao máximo responsable con poder de contratación e pon correctamente o seu nome completo e o posto que ocupa.
- Debe ser persoal e breve, sen exceder unha páxina. Non se trata de escribir outro currículum vitae.
- Nel constarán o teu nome completo, enderezo e teléfono de contacto, ao igual que a data na que se fixo.
- Emprega fórmulas correctas no saúdo (Por exemplo: Estimados/as señores/as,...) e que a despedida debe ser correcta e sinxela (como poder ser: Atentamente, Un cordial saúdo,...).
- Non debe ir grampada ao Currículum Vitae e tampouco se xuntan os títulos e/ou cartas de recomendación (a non ser que chos pidan).

MODELO DE CARTA DE PRESENTACIÓN

DATOS PERSOAIS

NOME E APELIDOS
ENDEREZO COMPLETO
TELÉFONO

DATOS DA EMPRESA

NOME
ENDEREZO COMPLETO

PARA:

LUGAR E DATA

SAÚDO:

Calquera das formulas correctas

PRIMEIRO PARÁGRAFO:

Fai referencia á oferta de emprego á que te presentas, no caso de responder a un anuncio ou a empresa e aos seus produtos no caso de que se trate dunha candidatura espontánea. Resalta algún aspecto importante ou relevante da túa candidatura que esperte o interese do/a lector/a.

SEGUNDO PARÁGRAFO:

Breve referencia a aspectos formativos e profesionais máis destacados que te destaquen para o posto

TERCEIRO PARÁGRAFO:

Expón claramente o que desexas e finaliza de forma optimista.

DESPEDIDA:

Calquera das formulas usuais

SINATURA

Asdo.: Nome e apelidos

DATOS PERSOAIS

NOME E APELIDOS
ENDEREZO COMPLETO
TELÉFONO

DATOS DA EMPRESA

NOME
ENDEREZO COMPLETO

PARA:

LUGAR E DATA

SAÚDO:

Calquera das formulas correctas

PRIMEIRO PARÁGRAFO:

Por que envías a carta? Mención ao posto solicitado e á fonte de información (xornal...) en resposta achégase C.V.

SEGUNDO PARÁGRAFO:

Por que quere traballar nesa compañía / sector e porque sería bo/a nese posto? Destacar puntos fortes.

TERCEIRO PARÁGRAFO:

Cal é obxectivo inmediato? Realizar unha entrevista, que te coñezan, etc.

DESPEDIDA:

Calquera das formulas usuais

SINATURA

Asdo.: Nome e apelidos

Carta de presentación en resposta a unha oferta de emprego

Uxía García Rodríguez
Rúa Rosalía de Castro 3, 2.º
15117 Laxe A Coruña

Tfno.: 650 42 34 56

Apartado de Correos nº

Estimado/a señor/a,

Lin con interese a oferta de emprego que vostedes publicaron no xornal *La Voz de Galicia* do día 29 de outubro do presente ano, na que solicitaban programadores/as. Esta é a razón pola cal diríxome a vostedes coa intención de ofrecerlles os meus servizos.

De acordo coa miña formación e experiencia profesional como programadora, considérome perfectamente capacitada para desempeñar as funcións propias de programación.

Acompañando a presente, envíolles o meu C.V., onde detallo a miña formación e experiencia profesional. Como poderán observar, finalizados os estudos de técnica superior, procurei mellorar a miña preparación técnica, en cursos relacionados directamente co posto que vostedes ofrecen.

Esperando recibir noticias súas, saúdalles atentamente,

Asdo.: Uxía García Rodríguez

Laxe, 28 de abril de 2008

Carta de autocandidatura

Patricia Villa Nogueira
Rúa Hospital 4, baixo
15117 Laxe A Coruña

Tel.: 981 23 45 65

Colocación Rápida, S.L.
Rúa da Ronda de Nelle, 23 pral. 2.º
15402 A Coruña

Para: Dna. Xulia Pérez

Benquerida señora,

Póño-me en contacto con vostede para facerlles chegar o meu CV co propósito de que o consideren ante posibles seleccións de persoal que teñan que realizar.

Pola miña formación e experiencia considérome perfectamente capacitada para desempeñar tarefas en departamentos técnicos relacionados con mundo da electrónica.

Como poderán apreciar no currículum adxunto, na miña última experiencia profesional estiven traballando nun laboratorio de produción.

Polas razóns antes citadas, desexaría que teñan en conta a miña candidatura. Por iso, permítome solicitarlles unha entrevista para tratar persoalmente calquera cuestión que consideren oportuna.

Atentamente,

Asdo.: Patricia Villa Nogueira

Carballo, 29 de abril de 2008



O CURRÍCULUM VITAE

Un currículum vitae é un documento no que aparece reflectida toda a túa vida profesional, polo tanto debe aparecer tan interesante que os/as empresarios/as e técnicos/as de selección teñan ganas de entrevistarte.

CONSELLOS:

- ✓ Lonxitude correcta. Mellor un folla que dous ou tres.
- ✓ Honesto.
- ✓ Poñer énfase nos coñecementos, aptitudes ou experiencias que se axusten aos requisitos do traballo.
- ✓ Datos específicos e concretos.
- ✓ A finalidade do CV é conseguir unha entrevista persoal.
- ✓ Intenta captar a atención da persoa que o le.
- ✓ Debe de ser específico para cada oferta de traballo.

Moitas das recomendacións que aparecen aquí foron tomadas do Modelo Europeo de Currículum Vitae (<http://www.cedefop.eu.int/transparency/cv.asp>)

RECOMENDACIÓNS XERAIS:

- ✓ Coide a redacción. Presente as súas cualificacións e competencias de maneira clara e lóxica. Non esqueza ningún detalle e teña coidado coas faltas de ortografía.
- ✓ Concéntrese no importante. Adapte o seu CV ao posto de traballo. Resalte as súas vantaxes para o posto ofrecido.
- ✓ Non infle artificialmente o seu CV: corre o risco de caer en descrédito durante unha entrevista.

Lembra! A lectura do teu CV debe permitir coñecer o seu perfil en poucos minutos.

DATOS PERSOAIS:

- ✓ Indique claramente os datos útiles para un contacto rápido.
- ✓ No caso de que o seu domicilio momentáneo sexa distinto do permanente, pode indicar varias direccións, sinalando onde poderá se localizada en cada momento.
- ✓ Se ten varios números de teléfono, indique as habituais e, en caso necesario, as horas nas que estará localizable en cada un.

FORMACIÓN

Indica neste apartado a formación regrada e cursos que finalizaras (dos que teñas certificado ou acreditación)

Nivel de Estudos: no caso de completar BUP/COU (ou equivalentes) ou un ciclo formativo de formación profesional, non inclúas os estados básicos anteriores, posto que xa se entende que os superaches. Comeza polo máis recente.

Cursos de Formación: comeza polo último é segue cara atrás no tempo. Se prefires agrupalos por especialidade ou sector en cal se clasificaría cada un. Se tes moitos cursos, non fai falla incluílos todos: resalta aqueles que sexan de interese para o posto de traballo que solicitas.

Non uses abreviaturas sen explicación; por exemplo, se pos CAP, a primeira vez que apareza debe especificarse: Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP)

No caso do que o título do curso non explique claramente os seus contidos, utiliza o campo de texto para resumir as principais materias ou capacidades profesionais adquiridas. Neste caso, É IMPORTANTE QUE SEXA BREVE e destaques o que teña máis interese para o posto o que te presentas.

OUTROS COÑECEMENTOS

- ✓ *Idiomas.*
- ✓ *Coñecementos Informáticos.*
- ✓ Para cada idioma indica o teu nivel en canto a capacidade de lectura, escritura e expresión oral.
- ✓ Ten en conta os seguintes niveis:

Alto: dominio do idioma que permita unha comunicación fluída nun contexto profesional internacional.

Medio: comunicación simple, con axuda dun dicionario. É capaz de defenderse nunha conversación xeral, incluso con nativos.

Baixo: comunicación moi elemental, expresando ideas moi sinxelas. Válido para saír do paso.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Describe a experiencia profesional máis relevante o que poda ser de interese para o posto de traballo ao que aspiras. Empeza polo máis recente e segue cara atrás no tempo.

Describe os períodos de practicas en empresa e traballo de voluntariado, especialmente nos casos nos que a túa experiencia laboral sexa pouco abundante ou que ditas experiencias estean relacionadas co posto de traballo o que te presentas.

Para ambos os casos, a continuación tes uns campos guía que che indican a información que podes achegar sobre cada experiencia.

CAPACIDADES E APTITUDES

Aquí podes describir as túas capacidades e aptitudes sociais, organizativas, técnicas e/ ou artísticas. Aínda que, opcional, cada vez cobra máis importancia este tipo de información e é especialmente útil se o teu currículo non ten moito contido nos apartados anteriores. Destaca aquela aptitudes que che poden ser útiles para o traballo que estás solicitando.

Describe as túas capacidades e aptitudes. Neste caso: Indica tamén o contexto nas que as obtiveches (formación, entorno profesional, vida asociativa, tempo libre...).

Coida a túa redacción!: o que escribas aquí indicará moito máis da túa personalidade que o simple contido. Utiliza unha redacción concisa, organizada e sempre positiva (evitar utilizar palabra negativas: non, nunca, ningún...).

Lembra:

Non inflés artificialmente o teu CV: corres o risco de caer en descrédito durante unha entrevista ou que che asignen tarefas que non se adecúen o teu perfil.

OUTROS DATOS DE INTERESE

Os carnés profesionais que posúes.
Se tes carné de conducir (cal/cales) e/ou vehículo propio.

INFORMACIÓN ADICIONAL

Indica calquera outra información que consideres útil.

Persoas de contacto ou referencia (solicita primeiro o seu consentimento antes de mencionar no CV os seus datos), dispoñibilidade de cambio de residencia, descrición breve de publicacións ou traballos de investigación, pertenza a organizacións profesionais, cargos asociativos, afeccións e/ou deportes,...

RECOMENDACIÓNS FINAIS

Non esquezas que o teu currículum será o teu primeiro contacto coa persoa que poida ofrecerte un posto de traballo. É importante que chames a súa atención co propósito de que chegues a unha entrevista.

PODEMOS FALAR DE CV:

1) Cronolóxico: ordena formación e experiencia laboral por orden cronolóxico.

2) Funcional: ordena formación académica por importancia titulacións (empezando por titulacións máis altas e usando orden cronolóxico inverso como 2.º criterio de clasificación e orde alfabética como 3.º)

CURRÍCULUM CRONOLÓXICO:

Nesta modalidade de currículum preséntanse os contidos por orde cronolóxica, empezando dende o curso ou traballo máis actual, ou o último, até o máis antigo (p. Ex: 2001 Curso de Alfabetización informática e 1999 Curso de confección industrial. Este modelo é o comunmente máis empregado e é o máis sinxelo de realizar e pon de relevo a progresión profesional da persoa. Esta modalidade debe ser utilizada por aquelas persoas que tiveran traballos duradeiros e estables e que pasaron curtos períodos de tempo no paro, xa que se é así, existirían grandes lagoas no currículum en canto a datas. Este currículum móstralle ao empresario/a a progresión que a persoa levou ao longo da súa vida académica e laboral.

CURRÍCULUM FUNCIONAL:

Esta modalidade de currículum é máis difícil de escribir, xa que presenta a experiencia agrupada por funcións, logros ou sectores de actividade. Pon de manifesto as capacidades adquiridas ao longo do tempo que se ordenarán en función do posto ao que se opte. Este tipo de currículum axuda a «disimular» os longos períodos de tempo que a persoa está como demandante de emprego ou ben os cambios frecuentes de traballo, xa que na experiencia profesional non aparecen datas, senón, como se comentou antes, as tarefas desempeñadas nos anteriores postos de traballo.

Este currículum axuda que o/a empresario/a axuste de mellor forma, as características do posible candidato/a o posto que este ofrece. (Adecuación oferta-demanda)

Currículum Vitae – Modelo 1

Patricia Villa Nogueira
Rúa Villa Amparo 4, baixo
15117 Laxe A Coruña
Tfno.: 981 234 565
E- mail: patriciavila@hotmail.com
Data de nacemento: 28 do 11 de 1970

FORMACIÓN ACADÉMICA

- 1990 Título de formación profesional de Grao Superior de Estética
Centro de formación profesional Losada Diéguez. A Coruña.
- 1989 Título de formación profesional de Grao medio de Perruquería
Centro de formación profesional Losada Diéguez. A Coruña.

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

- 1993 Curso de formación ocupacional de estética
Centro de formación As Bolboretas. 250 horas.
Técnicas de maquillaxe e limpeza de cute.

OUTROS COÑECEMENTOS

IDIOMAS

FRANCÉS: Lectura: Nivel medio Escritura: Nivel baixo Expresión oral: Nivel medio
Até 3º curso en Escola Oficial de Idiomas

ITALIANO: Lectura: Nivel medio Escritura: Nivel baixo Expresión oral: Nivel medio
Estancias ocasionais en Italia con familiares

INFORMÁTICA

Usuario avanzado de paquete office, internet e correo electrónico.

CAPACIDADES E APTITUDES

Capacidade de aprendizaxe
Boa dispoñibilidade para o traballo en equipo
Facilidade para a comunicación

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Agosto de 1991 a setembro de 1993

Empresa: Perruquería Maruxa

Cargo: Axudante de perruqueira

Tarefas: atención e recepción do cliente, establecemento de citas, tinguiduras e lavados

Febreiro de 1991 a agosto de 1991

Empresa: Perruquería Maruxa

Tarefas: atención e recepción do cliente, establecemento de citas, tinguiduras e lavados

Prácticas non laborais.

Xullo de 1998 a decembro de 1990

Empresa: Restaurante Os Olmos

Cargo: Axudante de cociñeira

OUTROS DATOS DE INTERESE

Dende agosto de 1990 pertenzo á agrupación de Protección Civil da Coruña. Realizo tarefas de transporte sanitario e asistencia sanitaria. Disponibilidade para desprazarme.

Currículum Vítæ – Modelo 2

NOME: **Uxía García Rodríguez**

ENDEREZO: **Rúa Asturias 3, 2.º
15117 Laxe A Coruña**

TELÉFONO: **650 42 34 56** – mañás
981 70 47 28 – a partir das 17.00 horas

E-mail: uxiagarcia@hotmail.com

Data de Nacemento: **8 de setembro de 1973**

FORMACIÓN ACADÉMICA

1991 Certificado de Estudos Primarios

CAPACIDADES E APTITUDES

Boa dispoñibilidade para o traballo en equipo

Organizada no traballo

Capacidade de iniciativa

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Dende agosto de 1990

Empresa: Agrupación de Protección Civil de Santiago

Tarefas: Transporte sanitario e asistencia Sanitaria

Traballo de voluntariado

OUTROS DATOS DE INTERESE

Practico espeleoloxía e son vogal de actividades da Federación Galega de Espeleoloxía dende 1999.

Permiso de conducir: B

Dispoñibilidade para desprazarme

Acepto traballos con esforzo físico

Currículum Vítæ – Modelo 3

Patricia Vila Pérez
Rúa de Durán Loriga 4, baixo
15003 A Coruña
Tfno.: 981 23 45 65

Correo electrónico: patriciavila@hotmail.com

Data de nacemento: 28-11-1968

FORMACIÓN ACADÉMICA

Licenciatura Ciencias Biolóxicas
Universidade Santiago de Compostela. 1992

Formación Profesional Grao Superior en Animación Sociocultural
IES Ánxel Casal. A Coruña. 1990

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Animación Sociocultural:

Máster en dinámica de grupos para a animación-socio cultural
Universidade virtual. 550 horas. 1997
Curso de formación ocupacional en Animación sociocultural con
persoas maiores. Academia Formación, Cerceda 250 horas.
Máster en intervención multidisciplinar no Servizo de Axuda a
Domicilio Universidade da Coruña. 500 horas.
Curso de formación ocupacional de Animación Xuvenil
Academia Aprenda Xogando, Cerceda 200 horas. 1984

Soldadura:

Curso de formación ocupacional en Soldadura
Fondo Formación. 650 horas.
Contidos: soldadura TIG AC/DCb(GTAW) para reparación e
Mantemento .
Curso de formación ocupacional en Soldadura
Academia de Soldadura. 200 horas teoría+300 horas práctica
Contidos: soldadura autóxena e heteróxena. Soldadura por arco.
MIG e oxiacetilénica.

OUTROS COÑECEMENTOS

IDIOMAS

INGLÉS: Lectura: Nivel medio Escritura: Nivel baixo Expresión oral: Nivel baixo

COÑECEMENTOS INFORMÁTICOS

Manexo de Windows e MS Office
Navegación por internet
Manexo de correo electrónico

CAPACIDADES E APTITUDES

Capacidade de aprendizaxe
Capacidade de análise/resolución de conflitos
Capacidade de adaptación
Habilidade manual ou mecánica

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Animación Sociocultural

Cargo: Asistencia a domicilio
Empresa: Particular
Tarefas: asistencia a unha persoa maior en tarefas domésticas e de coidado persoal.
Xullo de 1992 a decembro de 1996
Traballo de voluntariado

Soldadura

Cargo: Oficial de Soldadura
Empresa: Soldaduras de Galicia SL
Tarefas: Soldadura de mantemento e reparación, soldadura de pezas para a construción.
Decembro de 2000 a xaneiro de 2001
Prácticas non laborais.

OUTROS DATOS DE INTERESE

Permiso de conducir: B
Vehículo propio
Dispoñibilidade horaria e xeográfica.
Incorporación inmediata
Monitora ocasional de campamentos durante os veráns.



AS PROBAS PROFESIONAIS E PSICOTÉCNICAS

A partir do momento en que a túa estratexia de procura mediante a carta de presentación e currículum vitae deu os seus froitos, cómpre non perder a calma. Seguidamente, convocarante para realizar probas psicotécnicas e/ou profesionais.

Cada vez é máis frecuente someter ao candidato/a a probas ou tests psicotécnicos, de personalidade ou profesionais.

Os tests psicotécnicos xeralmente están ideados para ser aplicados en grupo: pero o exame que realizan a partir deles das túas aptitudes ou características de personalidade é individual. Cando te sometas a este tipo de probas, esquécete dos/as demais. Céntrate no teu traballo e faino o mellor posible.

Pero, que son as probas psicotécnicas para a selección de persoal?, que hai que saber sobre elas?

Trátase dunhas probas (tests) especialmente deseñadas para apreciar aptitudes ou capacidades, por un lado; e características de personalidade, intereses, valores persoais, etc., por outro. Son dous grandes tipos de probas diferentes as cales é preciso enfrontarse de forma distinta.

Estes son algúns tipos de probas psicotécnicas frecuentes en procesos de selección de persoal:

- ✓ Intelixencia xeral.
- ✓ Capacidade de abstracción-razoamento abstracto.
- ✓ Manexo aritmético-razoamento numérico.
- ✓ Capacidade para resolver problemas mecánicos, espaciais.
- ✓ Fluidez e razoamento verbal.
- ✓ Resistencia a fatiga.
- ✓ Aptitudes administrativas

En canto os tests denominados de personalidade, tratan de coñecer características da túa forma de ser, do teu carácter, acordes co perfil do posto: introvertido/a ou extravertido/a, afable ou túzaro/a, dinámico/a ou conservador/a, optimista ou pesimista, con iniciativa ou submisivo/a, impulsivo/a ou moderado/a, etc.

As preguntas, neste caso, poden estar formuladas de distinta maneira, por exemplo:

- | | | |
|---|----|-----|
| 1. Moléstache deixar as cousas a medio facer? | Si | Non |
| 2. Gústache gastarlle bromas á xente? | Si | Non |

Ou ben, situacións sociais...

a) Comunícome con facilidade

sempre case sempre case nunca nunca

b) Agardo a que os/as demais me saúden

sempre case sempre case nunca nunca

c) Cústame traballo comezar a relación

sempre case sempre case nunca nunca

En ambos os tipos de preguntas é necesario elixir unha soa resposta, e débese contestar a todas elas.

Non contestes tratando de dar unha imaxe moi alongada de ti. Ten en conta que hai preguntas que buscan o teu grao de sinceridade. As contestacións non son nin boas nin malas, simplemente reflicten a túa forma de pensar ou actuar ante determinadas situacións.

As probas profesionais tratan de avaliar o grado de destreza e coñecementos técnicos e prácticos que tes relacionados co posto de traballo.

O máis frecuente é que teñas que realizar varias probas de aptitudes (o que se denomina unha batería de tests), algunha proba profesional e unha proba de personalidade.

Antes de acudir a unha selección a través de probas profesionais é necesario repasar algunhas materias relacionadas co posto.

É importante á hora de presentarte á realización das probas:

Acudir relaxado/a, descansado/a, sen problemas de sono. É necesario un bo nivel de alerta, pero non unha ansiedade excesiva.

Ler moi ben e/ou escoitar atentamente as instrucións até estar seguro/a de entendelas. Non comeces se entender perfectamente o exercicio.



Evitar os pensamentos negativos ante a tarefa que tes por diante.
Céntrate en cada paso.

Contestar primeiro as preguntas das que esteas seguro/a e volver ao final sobre as dubidosas, se o tempo cho permite.

Nas probas de velocidade, contestar ao maior número posible de cuestións.
Non te obsesiones co tempo nin esteas mirando o reloxo constantemente.



CONCELLO DE ZAS



A ENTREVISTA DE TRABALLO

A entrevista de traballo ou entrevista de selección ten como finalidade a obtención de información sobre os distintos candidatos a un mesmo posto de traballo. Nela o seleccionador recollerá aqueles datos que poidan ser de maior relevancia.

Se vos chamaron para tratar directamente a candidatura de traballo é posible que teñades que pasar unha ou varias entrevistas. Chegadas a este punto non debes esquecer que estades nun «cara a cara» co seleccionador ou seleccionadora, que pode ser –ou non ser– unha persoa experta en entrevistas. En calquera caso, vai intentar obter a información que precisa para logo decidir a que persoa contrata. A actitude que se tomará é sempre a de pensar que se trata dun experto/a e actuar en consecuencia. Debes ter presente que os consellos que seguen son orientativos porque non esqueceremos que cada entrevista e cada entrevistador/a é diferente.

A pesar do dito si é certo que, se a carta de presentación serviu para presentarvos e o currículo para definirvos, agora a entrevista será o instrumento que permita coñecervos. Por iso, antes desta, debes obter información sobre a entidade contratante, ser puntuais na chegada e incluso chegar algo antes. Tamén é conveniente que vos concienciesdes de que tedes que afrontar a entrevista como unha charla na que existe un obxectivo darvos a coñecer.

Durante a entrevista teranse en conta aspectos como:

- Recibimento saudar con cortesía e naturalidade, estreitar a man con decisión, nin moi forte nin moi brando. Hai que procurar ser amables, sorrir e comportarse tal e como somos.
- Aspecto persoal: é básico ir debidamente aseada, vestida en consecuencia, de igual maneira que te vestirías se foses a traballar nesa empresa..., o como depende do tipo de traballo.
- Ser natural: contestarlle ao entrevistador/a indo ao grao sen excesiva verborrea pero facendo fincapé nos detalles máis interesantes.
- Preguntar: unha vez que xa estamos na entrevista e contestamos con claridade é o momento de saber algo máis, procurade centraros en aspectos importantes, demostrade que son preguntas para coñecer a empresa en serio, pódese preguntar por exemplo, polo calendario previsto.

O que si é «universal» en canto as entrevistas son os que denominaremos aspectos a evitar. Entre os moitos posibles citamos aquí algúns como

- Chegar tarde e/ou aparecer suorosa polas carreiras de última hora.
- Ser irónica.

- Levar unha vestimenta rechamante ou fora de lugar.
- O exceso de xoias ou adornos.
- Os perfumes fortes.
- Falar sen parar.
- Descualificar a anteriores xefes.
- Xogar cos botóns, ou isqueiro ou demais obxectos.
- Contestar con monosílabos.
- Fumar.
- Venderse esaxeradamente.
- Acudir acompañado á entrevista.
- Evitar expresións tipo: «non o sei», «creo que non»...

De todas maneiras, lembre que unha entrevista non é un interrogatorio e que pode participar. De feito, estádolo facendo continuamente. Ás veces de modo consciente e outras inconscientemente pero tanto o aspecto físico, a presenza e o comportamento verbal (que dis e como o dis) como o comportamento non verbal (o como actúas e que fas) son fontes de información do entrevistador/a.

Aínda que cada vez está máis en desuso esta modalidade, débese ter presente que a entrevista pode ser telefónica. Neste caso teredes en conta, entre outras cousas os seguintes aspectos:

As catro fases da conversación telefónica son:

1.- Presentación:

- Non empezar a falar antes de saber quen está o outro lado.
- Dar nome e apelidos e lembrar nexos en común.
- Se non mostra interese porque está moi ocupado/a, quedar para máis tarde.

2.- Motivar a escoita: «chámolle porque sei que vostede é o máximo responsable da sección de persoal da súa compañía...»

3.- Diálogo:

- Concisión e claridade, tranquilidade, dirección e sorriso.
- Precisar o obxectivo da chamada.
- Non ampliar a información en exceso, mellor repetir as cousas importantes.

4.- Conclusión:

- Deixar que chegue con naturalidade.
- Propor alternativas para unha cita.
- Deixar o nome e o teléfono de contacto.
- Dar as grazas.

Un posible guión do que podería ser a conversación telefónica.

Contactas cunha empresa:

- Boas tardes, Sr./Sra...
- Son ... e chámolle por indicación de don/dona...
- Actualmente estou buscando (desexo cambiar de posto de traballo) un posto en ... como ...
- Tal vez ten vostede coñecemento dalgún posto para unha persoa das miñas características dentro da súa organización.
- Son licenciado/a en ... experto/a en inglés e francés e teño anos de experiencia en ...

Tempo de contestación. O máis probable é que vos pida o historial. No caso de que conteste con evasivas, podedes contestar o seguinte:

- Ben. De todos modos estaría moi agradecido/a se me puidese facilitar os nomes dalgunhas persoas que saiban de posibles vacantes da organización.

Sería un xesto de franca descortesía que vos volvea a contestar que non.

- Sinceramente agradézollo. Desexa que lle envíe o meu CV?
- Grazas novamente pola súa información. Bos días Sr./Sra.

Un último paso: o soldo

Na maioría dos casos, as condicións de salario non se poden negociar: están suxeitos ao convenio colectivo. Non obstante, nalgunhas ocasións e en postos de traballo técnicos e con certas responsabilidades, existe a posibilidade de negociación. Noutros, pregúntanche canto desexas gañar. Pois ben, tanto nun caso como noutro podes actuar así:

Antes da entrevista

- ✓ No CV non menciones cantidades.
- ✓ Intenta recoller información sobre os salarios desa empresa e compáraos os doutras.
- ✓ Verifica canto se está a pagar no mesmo posto ao que optas ou noutros similares.
- ✓ Infórmate do salario segundo convenio e das posibles modalidades de contratación.

Durante a entrevista

- ✓ Acude á entrevista sabendo cal é o salario mínimo e máximo nese posto de traballo. Se a pregunta che colle de improviso, contesta que desexas cobrar de acordo co establecido no convenio.
- ✓ Se tes que mencionar cifras, sitúate nun termo medio entre o salario máximo e mínimo para a categoría do posto ofertado.
- ✓ Non aceptes un soldo por debaixo do mínimo interprofesional.
- ✓ Non peques de ambicioso/a, pero tampouco de falsa modestia.
- ✓ Coñeces mellor que ninguén as túas posibilidades.
- ✓ Se desexas facer algunha pregunta sobre o salario, faino ao final da entrevista.

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES NAS ENTREVISTAS

PREGUNTAS DE SAÚDO E INTRODUCCIÓN

O entrevistador ou entrevistadora pode facer unha serie de preguntas de toma de contacto para intentar establecer un ambiente de confianza e que o/a entrevistador/a se sinta máis a gusto.

<<Boas tardes, eu chámome Branca, é vostede...? Pase e sente, por favor. Tivo algunha dificultade para chegar ata aquí?>>

A continuación definirase o obxectivo da entrevista para facilitar as cousas, posteriormente exporá en que consiste a empresa, e finalmente fará as preguntas propiamente ditas.

<<Ben, fixemos unha primeira selección a partir dos currículos recibidos e agora queremos coñecela mellor para saber se o posto lle vai máis a vostede e se se axusta ao que se espera do posto. Voulle facer unha serie de preguntas; se algunha cousa non lle queda clara, interveña tranaquilamente.>>

FORMACIÓN

- Que lle motivou a elixir os estudos realizados e non outros?
- Pensa que a elección foi positiva?
- Realizou algún curso de especialización?
- Que materias lle gustaron máis durante a carreira?
- Que materias lle resultaron máis fáciles e cales máis difíciles?
- De que maneira cre que a súa formación lle capacita para este posto? o

EMPRESA E POSTO DE TRABALLO

- Que che chamou a atención deste posto?
- Por que pensa que pode facelo ben?
- Cales son as súas metas profesionais?
- Que lle achegaría vostede ao posto que precisamos cubrir?
- Que factores positivos podería achegarlle a este posto?

- Existe algún factor negativo que puidese limitala no seu traballo?
- Que lle motivaría para un posible cambio?
- Que valora máis do traballo?
- Que soldo desexa gañar?

EXPERIENCIA

- En que traballou anteriormente?
- Cales eran as súas funcións na empresa anterior?
- Que áreas de traballo lle gustaron máis?
- Describa a súa empresa ideal?
- Qué opinión ten do seu xefe ou xefa anterior?
- Cal foi o mellor xefe/a que tivo?
- Describa a súa xefa ou o seu xefe ideal.
- Por que deixou o traballo?
- Que che achegaron os seus traballos anteriores?
- Por que quere cambiar de emprego?
- Describa un día normal no seu traballo?

PERSOAL

- Fáleme de vostede
- Cales son os seus puntos fortes e puntos débiles?
- Considerase unha persoa emprendedora?
- Como reacciona ante unha crítica?
- Cales son as súas afeccións?
- Practica algún deporte?

- Que periódicos le habitualmente
- Cales son os seus programas favoritos de televisión?
- Pertence a algunha asociación?
- Está casada?
- Pensa casar pronto?
- Ten mozo?
- Desexa ter fillos?

PREGUNTAS FRECUENTES NAS ENTREVISTAS

- Fáleme de vostede.
- Como soubo de nós?
- Qué sabe da nosa empresa e que aspectos lle gustaría coñecer en profundidade?
- Por que quere traballar con nós?
- Que espera deste posto de traballo?
- Confía na súa capacidade para ocupar o posto?
- Que é o que máis lle interesa e o que menos do posto de traballo ofrecido?
- Por que elixiu este sector de actividade para desenvolver a súa carreira profesional?
- Como vai a evolucionar, o seu xuízo, o sector no que traballamos?
- Non se encontraría mellor nunha empresa máis grande/máis pequena?
- Que cre que lle podemos achegar profesionalmente?
- Que pode achegarnos vostede a nós?
- En que se diferencia dos demais candidatos candidatas?

- Se a contratamos, canto tempo permanecería con nós?
- Que salario quere percibir?
- Estaría disposto a viaxar ou trasladarse a outro lugar?
- Como ve o seu futuro profesional?
- Cales son os seus obxectivos profesionais a medio/longo prazo?
- Cre que os seus obxectivos son realistas?
- Cales cre vostede que son as claves do éxito profesional?
- Ten dotes de mando?
- Pode traballar baixo presión?
- Prefire traballar en equipo ou individualmente? Por que?
- Cal sería para vostede o traballo ideal?
- Que é para vostede o máis importante nun emprego?
- Prefire un ambiente de traballo competitivo ou de colaboración?
- Que importancia lle da vostede aos seus estudos?
- Por que decidiu estudar?
- Cre que a súa elección foi positiva?
- Cal era a materia preferida? E a que menos lle gustaba?
- Se puidese dar marcha atrás, volvería a estudar o mesmo?
- Compaxinaba os seus estudos con actividades extraacadémicas?
- Fáleme do seus estudos.
- Pensa continuar estudiando?
- Que formación considera para a súa capacitación profesional?
- Como se defende en inglés/francés?

- Considerase vostede unha líder? Por que?
- Cales son os seus puntos fortes e os seus puntos débiles?
- Cal é a súa maior calidade? E o seu peor defecto?
- Cales foron os seus éxitos ou realizacións máis destacadas?
- Como se enfrenta aos problemas?
- Cal foi a etapa máis importante da súa vida?
- Como se relaciona vostede cos demais?
- Tende ao diálogo ou a discusión?
- Considerase creativa? Por que?
- Como adoitan describirla as demais persoas?
- A que dedica o seu tempo libre?
- Que é o que máis lle gusta facer?
- Que agarda vostede da vida?
- Ten algunha pregunta?

MODELOS DE RESPONSTAS NAS ENTREVISTAS DE TRABALLO

FORMACIÓN

Que notas sacou durante a carreira?

Sempre debe contar a verdade, aínda que as súas notas fosen malas. É altamente probable que a empresa xa se informase sobre o seu expediente académico e quedaría en evidencia se descubrisen a verdade.

Se non optase por esta carreira, que outra lle gustaría elixir?

Non tema cometer algunha incorrección ao dicir que non che gustaría facer algo que non ten nada que ver co que estudaches. Iso demostra que es unha persoa inqueda e ambiciosa.

Realizou prácticas nalgunha empresa?

